


Sumario | n°7 – Maio 2021



EDIUS

Direccións  
extraordinarias



OPINIÓN

Unha pequena  
sorpresa



VIII ENCONTRO DA MOCIDADE  
INVESTIGADORA/EMI

Un evento  
virtual con gran  
participación



ENTREVISTA ALICIA L. BRUZOS

«Os salarios da mocidade investigadora  
son tan pouco atractivos que moitos prefieren  
abandonar antes de aceptar un traballo  
inestábel e mal pagado»



catro  
cousas

Libro ou artigo?



ENTREVISTA MONTSERRAT CAMIÑA TATO

«As personas que investigan  
deben coñecer como poden  
acceder a información moi  
valiosa para elas»



Solicitud de certificados  
de estudios de doutoramento  
a través da Secretaría Virtual

## Quen pode *dirixir* *a miña tese?*

É absolutamente vital que o estudiante dispoña do/a director/a adecuado/a para poder finalizar con éxito o programa de doutoramento. As boas prácticas do/a director/a son, polo tanto, cruciais e unha inadecuada supervisión supón unha das principais causas de fracaso.

Elixir ao director/a non acostuma ser un problema, xa que o/a alumno/a habitualmente coñece as tarefas do grupo de investigación onde se atopa e case sempre coñece persoalmente ao seu futuro/a director/a. A elección dun/ha director/a “compatible” sempre vai ser unha das claves do éxito.

Hai que ter en conta que o director ou directora será a persoa que aconsellará ao alumno/a ao longo do traballo de investigación. E farao tanto no eido persoal como na súa categoría de erudito na materia. Por iso, será imprescindible que sexa a persoa na que cres e coa que queres compartir a experiencia.



## *Quen pode dirixirme a tese?*

O **RD 99/2011**, no seu artigo 12, marca as directrices xerais deixando ás universidades liberdade para marcar os méritos necesarios para dirixir teses. Neste Real Decreto especificase que o director ou directora de tese será o máximo **responsable da coherencia e idoneidade das actividades de formación, do impacto e novidade** no seu campo da temática do traballo e da guía na planificación e a súa adecuación, no seu caso, á de outros proxectos e actividades onde se inscriba o/a doutorando/a.

As universidades, a través das Escolas de Doutoramento poderán establecer requisitos adicionais.

O **Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC** especifica, no seu artigo 26, todas as condicións que debe cumplir un director ou directora de tese. Aclara que poderá exercer esta dirección calquera persoa doutora española ou estranxeira con **experiencia investigadora acreditada**, e con independencia da universidade, centro ou institución na que preste os seus servizos. Por experiencia investigadora acreditada, neste caso, enténdese que debe cumplir, cando menos, un dos seguintes **requisitos**:

- a)** Ter recoñecido polo menos un **sexenio de actividade investigadora** avaliado pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (en adiante CNAAI) ou, na súa falta, acreditar méritos que garantan a avaliación positiva dun sexenio de actividade investigadora segundo o establecido pola CNAAI para cada campo científico.
- b)** Ser, nos últimos 6 anos, **investigadora ou investigador principal dun proxecto financiado mediante convocatoria pública competitiva** (excluíndo os proxectos de convocatorias propias de universidades).
- c)** Acreditar, nos últimos 6 anos, a **autoría ou coautoría de, como mínimo, tres publicacións** en revistas de impacto científico recoñecido, en particular, aquellas incluídas no Journal Citation Reports (JCR) ou Scopus, na súa área de coñecemento e no campo científico da tese que se vai dirixir. Nas áreas en que non sexa aplicable este criterio, poderá substituirse polas bases de datos relacionadas pola CNAAI para estas áreas. Nos ámbitos científicos nos que, polas características da investigación desenvolvida e/ou a súa tradición non sexa aplicable este criterio, substituirase por un requisito comparable,

segundo o establecido pola CNAAI neses campos científicos.

**d) Acreditar a autoría ou coautoría dunha patente con explotación.**

**e) Ter dirixido unha tese de doutoramento coa cualificación de sobresaliente cum laude ou apto cum laude,** ou cualificación equivalente noutros países, que dese lugar, polo menos, a unha publicación en revistas de impacto científico recoñecido, en particular, aquelas incluídas no JCR ou Scopus, ou a algunha contribución científica publicada relevante derivada da tese no seu campo científico, segundo os criterios da CNAAI, que se fixarán de forma concreta pola EDIUS.

O labor de dirección de tese deberá ser recoñecida como **parte da dedicación docente e investigadora** do profesorado.

## Que é o rexistro de directores?

Unha **base de datos** que relaciona o **profesorado e persoal investigador que cumplen os requisitos da USC** para dirixir unha tese. Non se trata dun rexistro de méritos, xa que non se inclúen todos os méritos dun/ha profesor/a, senón só aqueles que os habilita para dirixir estes traballos. A inclusión neste rexistro vén a petición da CAPD e está motivada pola decisión de asignar a un profesor ou investigador como director de tese dun alumno ou alumna da USC. Isto implica que:

- Non todo o profesorado que pode dirixir teses está recollido no rexistro. A incorporación deberá ser solicitada pola CAPD á EDIUS.
- Non se tramitan solicitudes de incorporación ao rexistro se non veñen derivadas da asignación de dirección de teses.

## *Todo o que me gustaría saber da miña tese*

### Como se elixe o/a director/a?

Pola CAPD en función da súa **idoneidade** para dirixir unha tese en concreto. A CAPD, se houbera unha petición por parte do/a doutorando/a para unha directora ou directora en concreto, tería que valoralo pero, finalmente, é decisión e competencia da CAPD.

Aínda que non é un requisito obligatorio de todos os programas, é recomendable que a doutoranda ou doutorando, no proceso de admisión, envíe ao Programa unha breve descripción do futuro proxecto da súa tese.

O número máximo de teses da USC que poderá dirixir de forma simultánea un/unha docente ou persoal investigador será determinado pola CAPD, sen exceder en ningún caso **o número máximo de 10**.

### Como se cambia de director/a?

**Por acordo da CAPD**, a petición do propio director ou directora de tese, a petición do/a doctorando/a ou á vista de necesidades detectadas pola CAPD.

### Que fai (diferenzas co/a titor/a)?

Os artigos 25 e 26 do Regulamento da USC fan referencia á figura do/a titor/a e director/a de tese, respectivamente. O/a titor/a é o nexo de unión co programa de doutoramento e, polo tanto, coa universidade. Se o director ou directora de tese pode ser titor/a asume as dúas funcións. Nos casos nos que as persoas que exercen a dirección no teñan vinculación permanente coa USC, o titor é un profesor do programa que asegura este nexo.

A **titora ou titor** é a/o **responsable da idoneidade e adecuación da formación e da actividad investigadora** da doutoranda ou doutorando aos principios dos programas de doutoramento e, se for o caso, da EDIUS. Cada investigador/a unicamente poderá ter unha titora ou titor de tese.

A **directora ou director de tese** será a/o **máxima/o responsable da planificación, coherencia e idoneidade das actividades de formación e investigación** da doutoranda ou doutorando, así como da orixinalidade, do impacto e da novidade da tese de doutoramento no seu campo de coñecemento.

### Cantos directores/as podo ter?

**Por norma xeral non serán máis de dous/dúas directores/as.** A tese poderá ser co-dirixida por outros/as doutores/as cando concorran razóns de índole académica ou de interdisciplinariedade temática ou ben cando se trate de programas desenvolvidos en colaboración nacional ou internacional que así o xustifiquen. O número máximo de persoas que exerzan a dirección será de 3 e un deles debe asumir a función de titora ou titor da tese. En todo caso, o número máximo de directores que asignará a CAPD sen a autorización da EDIUS será de dous.

### Que fago se non me atende?

**Poñerse en contacto co/a titor/a de tese e co/a coordinador/a** do Programa de doutoramento.

Se existen **reclamacións ou queixas** derivadas da dirección de tese, o/a investigador/a debe reclamar, en primeira instancia á CAPD. Recoméndase que para as reclamacións formais, o doutorando ou doutoranda realice este trámite por escrito e con rexistro de entrada. Se a situación ou queixa non se puede solventar pola CAPD, mediaría a EDIUS.

### Que fago se está de baixa?

**Comunicarollo ao titor/a e á CAPD** para que se tomen as medidas que permitan que o doutorando ou doutorando siga cunha dirección de tese activa. Isto acostuma ser necesario cando só se ten un director ou directora de tese.

### Que figura é a do perfil autorizado?

Aquela persoa que **exerce como titora ou directora** dunha doutoranda ou doutorando designada segundo criterio da CAPD **para trasladar todos os informes de avaliacián ou xestións a través da plataforma informática da Universidade**. Este perfil autorizado debe ter vinculación coa USC durante, como mínimo, o período completo de duración da tese.

### Que aspectos debe incluír o Plan de Investigación?

O plan de investigación proporcionará a información relativa á investigación que se levará a cabo, incluindo a **metodoloxía e os obxectivos que acadar, além dos medios e a planificación temporal para facelo**. O idioma no que se redacte o plan de investigación deberá corresponderse co idioma de presentación da tese.

No seu primeiro curso académico, as doutorandas e doutorandos deberán presentar este plan antes de 6 meses naturais desde a data da súa matrícula e, en todo caso, antes de finalizar o primeiro curso. O plan deberá ser aprobado pola CAPD, logo do informe da persoa que titoriza e da/das que dirixe/n a tese.

O feito de non presentar este documento no prazo marcado pola USC suporá a baixa do investigador/a no programa de doutoramento.

O plan de investigación poderase modificar ao longo da permanencia da doutoranda ou doutorando no programa mediante a presentación dun novo plan, que contará co aval da persoa que titoriza e da/das que dirixe/n a tese e a aprobación da CAPD.

É necesario ter o informe favorable dos directores/as de tese antes de presentar a tese para a autorización da súa defensa?

A doutoranda ou doutorando solicitará á CAPD a autorización para a tramitación da tese cara á súa defensa unha vez rematada a elaboración da tese e logo do informe favorable do director/a e tutor/a.

A CAPD disporá dun prazo máximo dun mes desde a presentación da tese para remitir á EDIUS o seu informe. Este informe poderá ser:

- a) Favorable.** Neste caso remitirase á EDIUS o exemplar da tese, a documentación asociada e unha proposta dos posibles membros do tribunal que a xulgará.
- b) Condicionado** á necesidade de correccións menores da tese, con indicación do prazo fixado á doutoranda ou doutorando para a presentación do requerido, que non poderá exceder os catro meses.
- c) Desfavorable**, que deberá estar suficientemente motivado academicamente.

## Que recolle o Código de Boas Prácticas da EDIUS sobre a persona que dirixe a tese?

Datos actuais de directoras/es e do rexistro de directores/as

No rexistro constan **2.114 directores e directoras activas**, das que 744 son externos á USC e 1.370 son da universidade compostelá. O feito de que estean activos no rexistro non significa que estean actualmente dirixindo algunha tese.

No **Código de Boas Prácticas** da EDIUS especificase que o alcance e a **calidade do apoio que se proporciona a un candidato inflúen no seu éxito** e na formación adquirida, sendo vital para a finalización exitosa dos estudos de doutoramento. Este Código fai referencia a unha serie de responsabilidades por parte dos profesionais que dirixen estes traballos de investigación que engloba en 18 puntos dos que podemos salientar:

- Deben construír unha relación de traballo construtiva e positiva coas súas doutorandas e doutorandos.
- Procurar que os proxectos de investigación sexan relevantes para a sociedade e non dupliquen outros realizados previamente.
- Velar para que os recursos materiais asignados á formación investigadora se empreguen de forma eficaz e eficiente para acadar os obxectivos previstos.
- Encomendar aos doutorandos, exclusivamente, actividades relacionadas coa súa condición de investigación en formación.
- Procurar a máxima difusión dos resultados e actividades de investigación. Esta difusión debe facerse con rigorosidade, evitando esaxerar a importancia e aplicabilidade práctica dos resultados.
- Alentar aos estudiantes a producir un ou máis traballos escritos, que a miúdo pueden proporcionar unha base para a preparación da tese final.
- Velar para que as súas investigadoras e investigadores sigan prácticas de traballo seguras, conforme á lexislación sobre riscos laborais. Así mesmo, procurar que adopten as medidas necesarias para cumplir coas esixencias legais en materia de protección de datos e de confidencialidade.
- Asegurarse de que se subscriban os oportunos documentos contractuais nos que se recollan adecuadamente os distintos intereses, tarefas ou contribucións das partes, así como a obriga de segredo e confidencialidade que asumen as partes intervintes.
- Facilitar a asistencia aos cursos de formación transversal organizados ou participados pola Escola de Doutoramento, así como na formación específica tanto dentro do mesmo programa como doutros programas.
- Recoñecer o traballo da/o doutoranda ou doutorando, e ser rigoroso e xusto na autoría das publicacións.



## Direccións extraordinarias

A coincidencia é total. Tanto o alumnado como o profesorado concordan en sinalar a gran importancia que ten a persona que se encarga da dirección dunha tese de doutoramento. O seu papel como guía, conselleiro, planificador, etc. é fundamental para levar a bo fin calquera investigación académica. Falamos con doutores/as que dirixiron teses que veñen de obter o premio extraordinario de doutoramento, para que nos dixeran.

Que debería ter en conta o alumnado á hora de escoller o seu director ou directora de tese?

Algunha recomendación para que un traballo de doutoramento teña indicadores de calidade ou mesmo que mereza o recoñecemento de “extraordinario”?

### LUIS JAVIER GALLEGÓ



Supoño que o alumno, antes de realizar a súa tese de doutoramento, sopesará os seus intereses persoais, a calidade do grupo no que van realizar a tese, as posibilidades de formación dentro do mesmo e a transcendencia que pode ter o tema de traballo de cara ao seu futuro profesional.

A miña recomendación é que, conforme avance na súa tese de doutoramento, o alumno trate de ir publicando traballos en revistas de calidade que vaian avalando os resultados da súa investigación.

### MARÍA TERESA FANEGO LEMA



A escolla do/a director/a de tese debe guiarse por consideracións científicas e non por cuestións accesorias como a idade, a empatía ou a simpatía persoal. Está demostrado que eses criterios electivos soen dar malos resultados. Para facer unha boa elección habería que ter en conta a afinidade intelectual e temática, así como o currículo de investigación e a experiencia que ten na dirección de teses e incluso a súa capacidade de liderado.

Un/ha alumno/a de doutoramento debe comenzar pronto a expoñer resultados do seu traballo en foros científicos. Isto permitiralle recibir feedback, súxestións e ideas doutros investigadores que contribúan a mellorar a súa investigación, así como contar cun currículo de relatorios e publicacións que lle permita optar ao Premio Extraordinario con garantías de éxito.

Ademais disto, un/ha alumno/a de doutoramento debería publicar cando menos dous artigos ben indexados durante o período de tutela académica.

**Ter en conta**

**Recomendacións**

**CARLOS ALBERTO GARCÍA GONZÁLEZ**



A realización dunha tese de doutoramento é unha carreira de fondo que require esforzo, dedicación e grandes doses de traballo en equipo co(s) director(es) da tese e co resto de compañeiros do grupo de investigación. Para isto, é fundamental que o alumnado coñeza de primeira man a temática da tese e que concorde coa visión do director para levala a termo no tocante á investigación e á formación curricular e extra curricular.

Para que un traballo de doutoramento teña alta calidad e impacto é fundamental fomentar a creatividade, a iniciativa, o espírito crítico e o traballo en equipo do alumnado. Neste sentido, a internacionalización dunha tese de doutoramento mediante estadiás de investigación noutros centros e a participación en congresos internacionais favorece a xeración de ideas e a creación dunha rede de colaboradores. Na miña opinión, este é o caldo de cultivo óptimo para chegar a resultados de calidad e a publicacións científicas de impacto.

**MARÍA LLOMPART VIZOSO**



En primeiro lugar, é importante que o alumno coñeza que liñas ou temas de investigación lle interesan. A continuación, valorar cales son os centros e grupos de investigación que abordan esos temas. Máis tarde, recomendaríalle que se poña en contacto con varios posibles directores e fale sobre a posibilidade de levar a cabo o traballo baixo a súa dirección e que alternativas lle propón. O doutorando, en paralelo, debe botar un ollo ao CV da persoa correspondente, incluíndo as publicacións nas que participou, as teses dirixidas, os proxectos, etc. É moi importante valorar o dinamismo, calidade transcendental nun director, así como a súa capacidade de motivación. En ocasións, ao longo dun traballo de tese vaise pasar por momentos difíciles, nos que unha persoa dinámica e positiva vai resultar de gran axuda, para non deixarse vencer polas adversidades.

Para merecer ese cualificativo debe ser un traballo de calidad, cun bo achegamento e unha boa realización. Debe ter un elevado índice de novedade. E, por suposto, un aspecto imprescindible é ter feito ao longo do traballo unha boa comunicación dos resultados da mesma. Uns resultados de investigación valiosos que non se comparten coa comunidade científica e incluso co público en xeral, perden de maneira moi significativa a súa validez. É importante realizar unha difusión adecuada seleccionando con criterio as revistas científicas para publicar os traballos e a posibilidade de publicar en abierto.

Valoraría, ademais, que esa comunicación se tivese tamén levado a cabo en congresos internacionais de prestixio. O recoñecemento de extraordinario implica que o doutorando ou doutor sexa quen de comunicar con claridade e brillantez os resultados das súas investigacións.

**Ter en conta**

**Recomendacións**

**MARÍA DOLORES RIVEIRO GARCÍA**



Que o potencial director ou directora estea a traballar na actualidade na temática da tese que pretende facer o alumno.

Facerlle ver ao doutorando, desde o principio, que os resultados deben ser publicables en revistas especializadas na área e de alto impacto. Polo que os estándares de calidade científica dos traballos deben ser os marcados por este tipo de publicacións.

**ALBERTO CABADA FERNANDEZ**



É importante coñecer as liñas de investigación do posible director ou directora. O feito de ter un contacto previo, como pode ser a realización dun TFG ou un TFM baixo a súa supervisión, pode ser moi útil, dado que dese xeito é quen de facerse unha idea das posibles liñas de estudo así como da forma de traballar con quen o vai dirixir.

Traballar en liñas activas, con aportacións recentes de distintos grupos de investigación a nivel internacional. É importante ter contactos con grupos punteiros cos que ter colaboracións científicas e nos que o/a estudiante poida complementar a súa formación ao longo da realización da súa tese de doutoramento.

**LUIS MIGUEL VARELA CABO**



Ademais da súa vocación, non esquezamos o importante, a capacidade de introducilo nunha liña de investigación co futuro e financiamento suficiente para ser desenvolvida ao longo da súa traxectoria científica.

Ningunha en particular. Iso é a combinación de moitas cousas que son moi difíciles de medir. O entorno de traballo, a capacidade do doutorando, os medios dos que dispoña no equipo de investigación, a novidade e importancia da liña, etc., todos contribúen á singularidade do resultado.

**Ter en conta**

**Recomendacións**

**CARLOS ACUÑA FARIÑA**



Hai que ter en conta algunas características persoais do profesor ou profesora tan importantes como a amabilidade e a honestidade profesional. Tamén valorar que teña demostrada a súa competencia profesional en investigación acreditada en referencia a estándares internacionais. Ademais, que o futuro director ou directora teña ou estea inmerso nun proxecto de investigación.

Se o tribunal é extraordinario e, sendo así, outorga a máxima cualificación.

**XOSÉ LUIS REGUEIRA FERNÁNDEZ**



As palabras chave poderían ser competencia e confianza: unha persoa que reúna competencia na especialidade e empatía co alumnado. Unha persoa que se está iniciando como investigadora necesita que a persoa que a oriente sexa unha investigadora activa que estimule a súa aprendizaxe e o seu progreso, e que, ao mesmo tempo, respecte o seu traballo. Mais tamén é vital ter unha boa comunicación coa persoa que orienta o traballo da tese, pois é un camiño longo e non é raro que haxa momentos de crise, de desánimo ou de dúbida.

Para merecer ese cualificativo debe ser un traballo de calidad, cun bo achegamento e unha boa realización. Debe ter un elevado índice de novedade. E, por suposto, un aspecto imprescindible é ter feito ao longo do traballo unha boa comunicación dos resultados da mesma. Uns resultados de investigación valiosos que non se comparten coa comunidade científica e incluso co público en xeral, perden de maneira moi significativa a súa validez. É importante realizar unha difusión adecuada seleccionando con criterio as revistas científicas para publicar os traballos e a posibilidade de publicar en abierto.

Valoraría, ademais, que esa comunicación se tivese tamén levado a cabo en congresos internacionais de prestixio. O recoñecemento de extraordinario implica que o doutorando ou doutor sexa quen de comunicar con claridade e brillantez os resultados das súas investigacións.



OPINIÓN

## Unha pequena *sorpresa*

Os doutorandos en ciencias da saúde teñen moitas veces unha pequena sorpresa cando queren depositar a tese e consultan os seus requirimentos. Resulta que as teses nesta área teñen as súas propias directrices. Por iso, cómpre facer unha aclaración, para que a *sorpresa* non sexa no momento de depositar a tese, senón antes, mellor ao seu principio e, sobre todo, para que esas directrices axuden a facer a tese e o traballo que a sustenta algo mellores.

Algúns dos requirimientos si que son do momento de escribir a tese, como o incluir unha declaración de conflito de interese ou especificar a orixe das figuras non orixinais e ter permiso para reproducilas se é necesario. Pero as que máis nos importan agora convén telas en conta desde o comezo. Por suposto, os estudos que usen animais de experimentación, datos de pacientes, células troncais, ou que sexan ensaios clínicos deben ter as correspondentes autorizacións, e deben telas desde o comezo do estudio. Isto é un requirimento legal ademais de ético e debemos facer referencia a elas xa no plan de investigación. Se o teu traballo vai empregar algúns destes materiais, podes falar co teu director/a

para saber se os permisos están xa pedidos ou hai que poñerse a iso.

Ademais, haberá que cubrir unha lista de verificación, que é diferente dependendo de se a tese inclúe estudos observacionais, de animais de experimentación ou de ensaios clínicos. As listas que empregamos son as más empregadas en cada caso e en moitas revistas de prestixio as piden. Non fai falta respostar a cada un dos ítems para que a tese sexa autorizada. O importante é que tanto máis se aproxime a túa experimentación ao descrito na lista, máis calidade experimental terá o traballo e, polo tanto, a tese. Cubrir a lista no momento de depósito pode ser interesante para comparar a nosa investigación co “estándar ouro” no campo, pero é moito máis útil estudialas ao comezo do traballo e intentar adaptarse durante a tese. Desta forma, realmente melloraremos a súa calidade, que é a razón de poñer directrices específicas das teses en primeiro lugar.

**Juan Bautista Zalvide**

Subdirector de Ciencias da Saúde

[juan.zalvide@usc.es](mailto:juan.zalvide@usc.es)



## Solicitud de certificados de estudos de doutoramento a través da Secretaría Virtual

A EDIUS informa de que xa está habilitada a posibilidade de solicitar e obter os certificados relativos aos estudos de doutoramento a través da Secretaría Virtual. Os certificados que na actualidade xa están dispoñibles son:

- **Dirección e titorización de teses defendidas na USC  
(de datos posteriores a xullo de 2008)**
- **Dirección e titorización de teses pendentes de defensa  
de doutorandos matriculados no curso actual**
- **Membros dunha Comisión Académica do Programa  
de Doutoramento (CAPD)**
- **Membro do tribunal dunha tese**

As persoas que queiran comunicar calquera incidencia no trámite de solicitude destes certificados poden enviar un correo electrónico ao enderezo [ediush@usc.es](mailto:ediush@usc.es). No caso dos certificados da CAPD, deberán remitir unha mensaxe a: [sxopra@usc.es](mailto:sxopra@usc.es)

## **Checklist para verificar antes do depósito que a tese cumple todos os requisitos**

*Estará disponible para descarga na nova web da EDIUS, en xuño*

**Este prediagnóstico servirá para garantir unha tramitación máis áxil e para identificar os aspectos que se deben corrixir antes de depositar a tese de modo que se eliminan os atrasos no tempo necesario para proceder á autorización do acto de defensa.**

Coa finalidade de evitar atrancos e atrasos no período de tramitación da defensa da tese, a EDIUS ultima unha *checklist* que permita ao alumnado e a titores/as e directores/as facer autoavaliación da súa tese antes de proceder a depositala. O formulario estará disponible para descarga a partir do próximo mes de xuño na páxina web da EDIUS.

Nesta lista de verificación inclúese un apartado xeral coas pautas a cumplir por todas as teses: elementos de portada, idioma, resúmenes necesarios, declaracóns de autor/a e director/a, permisos de reproducción dos gráficos e imaxes, etc.

Tamén haberá un apartado centrado en aspectos formais segundo a modalidade elixida: monográfica, monografía con reproducción parcial de artigos derivados da tese ou compendio de publicacións (datos das publicacións, autorización de reproducción das revistas nas que estean publicados, indicacións bibliométricas, etc.) e as particularidades que se dan nalgúnsas áreas, como a de Ciencias da Saúde: aprobación do comité de ética si implican a seres humanos, requisitos das que describen un ensaio clínico ou nas que usan células troncais humanas, embrionarias ou inducidas ou nas que experimentan con animais.

<b>Autofälle</b> Título da Tese: <b>Check list del Ejemplar de la Tesis</b> <small>La normativa general de presentación de teses establecida en el Reglamento de Estudios de Doctorado de la Universidad de Santiago de Compostela establece que el deposito de la tesis debe realizarse en la web de la Escuela de Doctorado de la USC. Puede consultar el apartado de deposito en la página web, en el apartado de:</small> <a href="#">http://www.usc.es/estudios/doctorado/checklist</a>	<b>Resumen</b> Título da Tese: Información sobre la tesis: - Título de la tesis - Información sobre la tesis - Descripción completa e poligrafo. Resumen en gallego de 4.000 palabras en formato Word. - Descripción completa e poligrafo. Resumen en castellano de 4.000 palabras en formato Word. - Descripción completa e poligrafo. Resumen en inglés de 4.000 palabras en formato Word. - Descripción completa e poligrafo. Resumen en portugués de 4.000 palabras en formato Word.  <b>Tesis monográfica sin publicaciones</b> Añadir: - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis  <b>Tesis monográfica con publicacións posteriores a la tesis e/ou publicadas</b> Añadir: - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis - Tesis  <small>Si existe más de una tesis monográfica o más de una tesis con publicación posterior a la tesis, se deben añadir más tablas.</small>	<b>Resumen</b> Título da Tese: Información sobre la tesis: - Título de la tesis - Información sobre la tesis - Descripción completa e poligrafo. Resumen en gallego de 4.000 palabras en formato Word. - Descripción completa e poligrafo. Resumen en castellano de 4.000 palabras en formato Word. - Descripción completa e poligrafo. Resumen en inglés de 4.000 palabras en formato Word. - Descripción completa e poligrafo. Resumen en portugués de 4.000 palabras en formato Word.  <b>Tesis que comprende artículos publicados</b> Añadir: - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos  <b>Tesis que comprende artículos de investigación</b> Añadir: - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos  <small>Si existe más de una tesis que comprende artículos de investigación, se deben añadir más tablas.</small>	<b>Colección especializada Ciencias de la Salud</b> Título da Tese: Información sobre la tesis: - Título de la tesis - Información sobre la tesis - Descripción completa e poligrafo. Resumen en gallego de 4.000 palabras en formato Word. - Descripción completa e poligrafo. Resumen en castellano de 4.000 palabras en formato Word. - Descripción completa e poligrafo. Resumen en inglés de 4.000 palabras en formato Word. - Descripción completa e poligrafo. Resumen en portugués de 4.000 palabras en formato Word.  <b>Tesis que comprende artículos de investigación</b> Añadir: - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos  <b>Tesis que comprende artículos de experimentación</b> Añadir: - Artículos - Artículos - Artículos - Artículos  <b>Tesis que comprende artículos de ensayos clínicos</b> Añadir: - Artículos - Artículos  <b>Tesis que comprende artículos de experimentación, ensayos clínicos y/o ensayos de desarrollo</b> Añadir: - Artículos - Artículos  <small>Si existe más de una tesis que comprende artículos de experimentación, ensayos clínicos y/o ensayos de desarrollo, se deben añadir más tablas.</small>
--	--	--	---

**EDIUS** **NOVAS**

## A EDIUS elabora unha guía para o informe de viabilidade necesario para a concesión das segundas prórrogas

Está a elaborar un deseño que sirva de modelo aos directores/as e ás Comisións Académicas dos programas de doutoramento

A EDIUS está a elaborar un modelo que sirva de guía para a elaboración do informe de viabilidade necesario para a concesión das segundas prórrogas de permanencia nun programas de doutoramento.

A Comisión Executiva da Escola acordou, na súa reunión do día 23 de abril, elaborar un deseño que sirva de modelo aos directores/as e aos programas xa que se vén detectando que algunas Comisións Académicas (CAPD) aproban e remiten as segundas prórrogas sen o informe de viabilidade preceptivo, producindo así un atraso consecuente na resolución das solicitudes do estudiantado.



Segundo o artigo 22.2 do Regulamento de Estudos de Doutoramento, nas solicitudes de segundas prórrogas, é necesario que:

- A solicitud do/a doutorando/a, avalada polo/a director/a se presente ante a CAPD do seu programa de doutoramento.
- A CAPD do programa informe favorablemente e de forma razoada da viabilidade de rematar a tese neste prazo ante a EDIUS.

A EDIUS remitirá nos próximos días o modelo de informe e enviaralle a información correspondente a todos os programas de doutoramento.

[Ir ao sumario](#)

**EDIUS NOVAS**

## O Portal da Investigación da USC xa está operativo na web da universidade

O [Portal da Investigación](#) da USC xa se atopa publicado en aberto logo de superar a fase de probas desenvolta nos últimos dous meses. Esta nova ferramenta supón unha clara apostase por difundir, dar visibilidade e transferir á sociedade os resultados das actividades de investigación da universidade compostelá.

Búscase facilitar o acceso ás publicacións e datos de investigación, mellorando as vías de acceso á ciencia en aberto, e contribuir a establecer unha relación entre o financiamento e os seus resultados, realizando un exercicio de transparencia, axudando así a mellorar a visibilidade e o impacto da USC.

## Congreso de Pedagogía sobre A Educación en Rede

Do 7 ao 9 de xullo do 2021 desenvolerase o XVII Congreso Nacional e IX Iberoamericano de Pedagogía sobre A Educación en Rede. Realidades diversas, horizontes comúns, xunto ao *Focal Meeting*, por primeira vez en España, da *World Education Research Association* (WERA). O Comité Organizador e a Sociedade Española de Pedagogía, de acordo con RETINDE, decidiron que o Congreso sexa *online*. A información de interese, [aquí](#).

 [Ir ao sumario](#)

## Ana María Porto Castro substitúe a Ramón López Facal como coordinadora do PD en Educación



A profesora Ana María Porto Castro substitúe a Ramón López Facal como coordinadora do Programa de Doutoramento (PD) en Educación. A profesora Porto Castro, do Departamento de Pedagogía e Didáctica da USC, é tamén directora do Instituto de Ciencias da Educación (ICE). Dende este instituto, desenvolve labores docentes e de investigación no campo das Ciencias da Educación ademais de organizar cursos e programas de formación para profesorado e alumnado da Universidade, así como para profesorado e persoal técnico de niveis non universitarios.

**NOVAS** **BOLSAS**

## Novo programa de axudas para a recualificación, a mobilidade internacional e a atracción de talento no sistema universitario español

O Ministerio de Universidades vén de aprobar un novo programa de axudas para a recualificación, a mobilidade internacional e a atracción de talento no sistema universitario español, un plan orientado a aumentar a capacidade docente e investigadora.

Universidades convoca as **seguintes axudas** para realizar estadías de formación en universidades e centros de investigación estranxeiros de prestixio, así como en universidades españolas e outros axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e para a atracción de talento internacional.

### Axudas Margarita Salas

Destinadas a novos/as doutores/as que obtiveran o título nos dous últimos anos desde o peche do prazo de presentación de solicitudes. A duración das estadías será de 2 ou 3 anos. Deberán incorporarse nunha universidade ou centro de investigación distinto a aquel no que realizou a súa formación predoutoral e obtivo o doutoramento. No caso de que a estadía se realice no estranxeiro, o último ano da axuda deberá realizala nunha universidade española.

### Axudas para a Recualificación do Persoal Docente e Investigador

Para profesorado universitario coas categorías de profesor/a titular de universidade, contratado/a doutor/a e axudante doutor/a, ou as figuras laborais equivalentes de carácter autonómico. No caso do profesorado titular de universidade e contratado doutor, as axudas destinaranse a persoas cun máximo de dez anos de servizo. A duración será de 1, 2 ou 3 anos para o profesorado permanente e de 1 ou 2 anos para os e as axudantes doutores.

### Axudas María Zambrano para a atracción de talento

